



[Faro de Laxe]

O Faro de Laxe foi construído nos anos 20 e atópase nun outeiro duns 50 metros de altitude sobre o nivel do mar nun espazo privilexiado en plena Costa da Morte.

O topónimo "Costa da Morte" é recente e xurde da multitudine de naufraxios que tiveron lugar neste tramo da costa galega. Baña Heim documenta no seu libro arredor duns 200 naufraxios nun período de 150 anos.

Un destes naufraxios tivo lugar preto deste faro o 6 de decembro de 1972: O barco "Playa de Arnela" con base en Corme e con 12 tripulantes abordo naufragou cando se dirixia ao seu porto base para descargar a pesca. Só dous superviventes foron capaces de dar testemuño da traxedia. Díse que cando o mar está baixo ainda se poden ver os restos desta embarcación.



Concello de Laxe



DEPUTACIÓN DA CORUÑA
WWW.DC.GOV.AR

A forma de vida dos habitantes de Laxe está intimamente ligada ó mar. Unha das imaxes más representativas desta zona é o traballo dos percebeiros, saltando de rocha en rocha e esquivando os golpes do mar.

As postas de sol e as vistas neste miradoiro son abraiantes, pois á imaxe do sol adentrándose no mar hai que sumarlle as vistas dun dos tramos más fermosos da costa de Galicia: O que vai dende o Roncudo (enfronte ao outro lado da ría) ata a Punta do Boi no Concello de Camariñas (ao lonxe á nosa esquerda).

